

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE AGOSTO DE 2016**

**2.- Proposta da Alcaldía dando conta da concesión dunha subvención para o reforzo do servizo de Normalización Lingüística.** Dáse conta da concesión dunha subvención de 12.000 euros, por parte da Deputación da Coruña, para o reforzo do departamento de Lingua cun técnico de normalización.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes dando conta da sinatura de diversos convenios.** Dáse conta da sinatura dos convenios de colaboración coas seguintes entidades:

- Agrupación Deportiva El Correo Gallego: 12.000 euros para a celebración da 39ª edición da Carreira Pedestre Popular de Santiago.
- Santiago Futsal: 65.000 euros
- Club Arteal Tenis de Mesa: 12.000 euros
- Club Triatlón Santiago: 12.000 euros
- Club Ciclista Compostelán: 20.000 euros
- Obradoiro CAB: 65.000 euros

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Centros socioculturais relativa á liberación de saldo de crédito retido para a programación de actividades da rede de CSC correspondentes ao período comprendido entre o 1 de maio de o 31 de agosto de 2016 por non terse realizado todas as actividades programadas.** Apróbase a anulación provisional, por importe de 20.000 euros.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Centros socioculturais relativa á aprobación das actividades e prezos públicos realizadas na rede de centros Socioculturais durante o período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2016.** Apróbase a programación de actividades regulares, cuxo gasto ascende a 30.000 euros. Prevese un ingreso de 12.838 euros. Apróbanse os prezos públicos das actividades da programación.

**6.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Desenvolvemento Económico relativa á aceptación da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o obradoiro de emprego "Ecotur Xuvenil II."** Acéptase a subvención, por un importe de 131.651,48 euros, para a realización do Obradoiro de Emprego "Ecotur Xuvenil II", que o Concello cofinancia cunha achega de 50.000 euros. No Obradoiro participarán 15 alumnos/as traballadores/as, oito deles na especialidade formativa de Instalación e Mantemento de xardíns e zonas verdes, e sete na especialidade de Colocación de pedra natural. No Obradoiro realizarase unha actuación de acondicionamento de sendas peonís desde o parque Granell con Novo Milenio.

### **URXENCIAS**

**1.-Dar conta da adxudicación das actuacións da Rede Cultural 2016:** Dáse conta dos espectáculos concedidos pola Deputación da Coruña no marco do seu programa Rede Cultural 2016. Trátase de actuacións de danza, maxia, teatro, monicreques e música, cun custo total de 26.250 euros. A Deputación da Coruña financia o 30% dos espectáculos (7.875 euros) e o Concello o 70% (18.375 euros)